

## ACTO PROMOCIONAL PROGRAMA NSAIO

Boiro, 26 de Abril de 2008

Lugar: local da mocidade de Boiro

Hora : 12h.

Participantes:

Director Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia

Concelleira de Mocidade do Concello de Boiro

Empresa encargada da edición de audio da maqueta nsaio (Suso Bello)

Empresa encargada da edición gráfica da maqueta nsaio (Alberto Pouso)

Programa

12h. rolda de prensa

12:30h. visita ás instalación nsaio de Boiro

Sala de concertos, locais de nsaio, sala de gravación e escola de música.

Argumentos

O programa Nsaio medra máis alá da oferta de locais públicos da rede galega de locais de ensaio e ofrece á mocidade galega un amplo abano de vantaxas para a produción musical xoven no noso país.

A primeira maqueta Nsaio adxuntará información sobre as diferentes accións que durante o 2008 se levarán a cabo para facilitar a creatividade da mocidade galega. Formación, concertos, traballo en rede -e na rede- ([www.nsaio.org](http://www.nsaio.org)) e achegas ao mundo profesional son algunhas das liñas que se poñerán en marcha e que a maqueta avanza na súa parte gráfica.

Todas estas vantaxas serán presentadas e debulladas o 9 de Maio en Compostela na presentación oficial da maqueta “Nsaio, a música emerxente de Galiza”.

O 26 presentamos un avance da maqueta na Barbanza.

As razóns de facer a presentación do proceso de traballo en Boiro son varias:

Neste concello se constrúe o primeiro local da rede galega de locais de ensaio e a primeira sala de gravación. Tamén se fixo aquí a primeira sala de concertos pública pensada para darlle saída aos grupos novos da comarca vinculados a Nsaio, o que visualiza físicamente os procesos de apoio á formación e creación musical, á exhibición da música e á distribución da mesma que Nsaio favorece.

Esta é unha comarca na que tamén se dan iniciativas empresariais xoves vinculadas ao mundo da música que se quixeron incluír no proceso e que estarán presentes na mesa.

Tamén de Boiro é o grupo gañador do “Nsaio no camiño 07” que por certo tocará na zoña vella Compostela o 30 de Abril, precedido dun acto promocional na rúa do programa Nsaio.

Outra razón é a concepción territorial que o programa traslada, entendendo o traballo nas comarcas como peza fundamental nun sistema cultural onde cada vez hai menos periferias e máis nodos conformadores dunha ampla rede.

Desta maneira, Barbanza é un bo exemplo de cómo o programa Nsaio favorece a creatividade da xuventude galega, entendendo estes dous termos, creatividade e xuventude como pezas chave do desenvolvemento actual de Galiza.